



REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 27 de decembro de 2018 da Consellería de Cultura e Turismo anúnciase a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2018/19 (DOG núm.17 de 24 de xaneiro de 2019).

A base quinta da convocatoria establece que as solicitudes que se presenten deberán formalizarse segundo o modelo PL500B, acompañado da documentación que se sinala na base sexta, na forma e prazos que tamén se indican.

O Gabinete Provincial de Normalización Lingüística de Lugo, órgano encargado da instrución do procedemento ao abeiro da base oitava da orde de convocatoria, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada polos centros.

De conformidade co disposto na referida base, no caso de estaren incompletas as solicitudes, conteren erros ou de que non achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria, requirírase aos centros solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, considerarase de que desisten da súa petición e archivarase o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na devandita orde indícase que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e consonte o artigo 45.1.b), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos faranse mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política: <http://www.lingua.gal>

Polo exposto, acórdase

1. Publicar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Esta relación xúntase como Anexo desta publicación, coa especificación dos documentos preceptivos requiridos a cada solicitante.
2. Facer indicación expresa a todos os centros solicitantes relacionados no Anexo de que son **requiridos para que no prazo de dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste requirimento na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal> **emenden a falta ou acheguen os documentos referidos**. De non facelo, considerarase que desisten da súa petición, e archivarase o seu expediente logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
3. Engadir que, de conformidade co disposto na base 6.2 da convocatoria, esta achega de documentación deberá presentarse electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Lugo, 14 de marzo de 2019

A xefa do Gabinete de Normalización Lingüística de Lugo

Ana Mel López






**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Gabinete Normalización Lingüística Lugo
Edificio administrativo
Ronda da Muralla, 70
27071 Lugo



ANEXO

Exp	Centro	CIF	Concello	Emenda
LUPR008	CPR MISIONERAS DEL DIVINO MAESTRO	R2700048H	LUGO	Documentación referida na letra c) da Base 7.1



Xacobeo 2021

